# Xogos en Moodle

ÍNDICE

Introdución........................................2

Aforcado........................................4

Crucigrama........................................9

Criptograma........................................12

Millonario........................................14

Sudoku........................................16

# Introdución

Moodle ofrece a posibilidade de crear xogos a partir de termos e definicións contidas en glosarios (de todo o glosario ou ben escoller algunha categoría do glosario), ou coas preguntas dalgunha categoría ou dun cuestionario existente no curso. Só se aceptan tres tipos de preguntas:

- de opción múltiple
- de resposta curta
- verdadeiro / falso

Moodle 3.9 ofrece 8 xogos diferentes:

| **Xogo (Game)** | **Glosario** | **Pregunta de resposta curta** | **Pregunta. Opción múltiple** | **Verdadeiro/ Falso** |
|---|---|---|---|---|
| Aforcado | SÍ | SÍ | NO | NO |
| Crucigrama | SÍ | SÍ | NO | NO |
| Sopa de letras | SÍ | SÍ | NO | NO |
| Millonario | NO | NO | SÍ | NO |
| Sudoku | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ |
| Imaxe oculta | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ |
| Serpes e escaleiras | SÍ | SÍ | NO | NO |
| Libro con preguntas | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ |

Activamos a Edición do curso no que imos crealo xogo, e logo no tema correspondente *Engadir unha actividade ou un recurso* e clicamos no xogo a crear,









# Aforcado

Este xogo obtén as palabras dun Glosario ou de preguntas de resposta curta de exame e xera un Aforcado. O profesor configurará o número de palabras que terá o xogo, e se se amosa a primeira ou a última letra, ou se se amosa a pregunta ou a resposta final,




- *Nome e descripción:* nome e descripción do xogo que imos crear
- *Fuente de preguntas:* indicarase de onde se van obtelas preguntas para o xogo, no noso caso empregaremos un glosario que fixemos nunha actividade anterior.

- *Seleccionar glosario:* seleccionaremos o glosario co que imos traballar
- *Seleccionar categoría de glosario*: dentro do glosario anterior podemos escoller unha categoría concreta, se non indicamos unha suponse que traballamos con todas as do glosario
- *Sólo entradas aprobadas del glosario o del maestro*: indicar se queremos empregar só as definicións que foron aprobadas polo profesor ou ben todas, inda que non fosen supervisadas




- *Seleccionar categoría de pregunta / Incluye subcategorías / Seleccionar cuestionario*: estas opcións fan referencia á fonte de preguntas “Preguntas”, para o glosario estarán inactivas
- *Número máximo de intentos*: cantas veces imos permitir facer o xogo

En **Calificación** indicaremos se estará nalgunha categoría do noso libro de cualificacións, a puntuación necesaria para aprobar, así coma a puntuación máis alta e o método de calificación. Tamén se marcarán as datas nas que estará aberto o xogo.



Establecemos as opcións do aforcado: número de palabras a adivinar, amosar a primeira / última letra, espacios entre palabras….



E para rematar podemos poñer un texto coma encabezado do xogo (normalmente as instrucións do xogo) e outro para o pé. O resto de opcións son iguais que para outra actividade calquera de Moodle,




Gardamos a configuración




e para xogar non hai máis que facer clic no xogo



Imos facendo clic nas diferentes letras que formala palabra e a xogar!!!















# Crucigrama

Saber que cada crucigrama é dinámico, é dicir, que é diferente para cada estudante e intento. O xeito de configuralo é moi semellante ao aforcado

No seguinte exemplo imos crear un crucigrama tamén dos termos que hai no glosario.






Gardamos e para xogar facemos clic nel,




Grade 0 %
BIT
OK
Cancel
Across, 3 letters.
Un 0 ou un 1 no sistema binario
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
R A T O
Across
4: Dispositivo externo de almacenamento de información
6: Dispositivo apuntador utilizado para facilitar o manexo dun entorno gráfico nun ordenador
7: Un 0 ou un 1 no sistema binario
10A: Memoria de acceso aleatorio, volátil, de lectura e escritura
10B: Unidade de medida da memoria que representa 8 bits.
Down
1: Dispositivo para salidas impresas en grandes dimensiones. Planos, esquemas, diseños piezass....
2: Unidade mínima de información. Representa unha pulsación do teclado.
4: Parte física, material, tanxible dun sistema informático
6: Dispositivo de saída de datos/información
8: Unidade de medida da memoria que representa 1024 Kilobytes
10: Unidade de medida da memoria que representa 1024 megabytes
Check crossword
End of crossword game
Print







# Criptograma

Xogo que ofrece Moodle similar ao crucigrama, onde a partir dunha serie de preguntas temos que ir respostando para que se vaia sinalando esa resposta no criptograma.

É moi similar aos xogos xa comentados polo que falaremos só daqueles parámetros que son diferentes. Para empezar, situámonos no tema onde vai ir o xogo e "Engadir un recurso ou actividade" – Seleccionamos criptograma e empezamos a cubrir os datos para a súa configuración, sabendo que os termos empregados poden obterse dun glosario, cuestionario ou banco de preguntas.



Indicamos os datos para o deseño do criptograma, é dicir, número de columnas/filas para determinalo tamaño, palabras e intentos,




o resto de parámetros son semellantes aos dos xogos anteriores.

Clic no criptograma e imos xogar!!!




Faise clic na "Resposta", colocamos o termo correspondente e aparecerá resaltado no criptograma









# Millonario

Actividade basada no famoso xogo de "Quen quere ser millonario da TV" , formado por nunha serie de preguntas e respostas. Funciona tomando coma base as preguntas existentes no Banco de preguntas ou nun Cuestionario, sendo necesario ter un mínimo de 15 preguntas e obrigatorio que sexan do tipo Opción múltiple.

Activar modo edición – Engadir unha actividade ou recurso – clic na actividade Game Millonaire

A configuración do xogo é moi similar á dos anteriores






Gardar

Clic nel para xogar…




- Temos na parte superior os comodíns,
- na parte central a pregunta que se nos formula
- na parte inferior as posibles respostas, teremos que clicar na que consideremos correcta
- e na parte dereita o diñeiro que levamos acumulado e a cantidade que estamos a xogar nun intre concreto




# Sudoku

Actividade que se pode facer a partir das preguntas existentes nunha categoría concreta do Banco de preguntas, dun cuestionario ou ben das definicións establecidas nun glosario.






Para xogar clicamos na actividade, e podemos ir resolvendo cada pregunta co cal conseguimos un número no sudoku.

Cantas máis preguntas lle indiquemos na configuración máis doado será resolvelo.




"Os xogos en Moodle" by Fina Paulos Lareo is licensed under a Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional License.